

# A gheada na onomástica (achegas á estandarización)

Ana Isabel Boullón Agrelo

Universidade de Santiago de Compostela

Recibido o 16/02/2012. Aceptado o 09/04/2012

## Resumo

A estandarización da onomástica ten características específicas con respecto ó léxico común. Unha das dificultades vén derivada das formas opacas cando existen dúas pronuncias distintas. Isto é o que ocorre con algúns topónimos e apelidos grafados con <j> ou <g> + e, i nos antigos nomenclátors ou nos rexistros: poden interpretarse como formas pronunciadas con gheada, ou ben como castellanizacións doutras que tiñan orixinariamente /j/. O caso de *Reguengo* é exemplificador: aparecía nos nomenclátors como \**Regenjo* e así (e con máis variantes gráficas) pasou ó corpus dos apelidos; houbo unha proposta de estandarización como \**Rexenxo*, ata que se ditaminou a forma oficial actual. Para poder dilucidar cal é a variante adecuada, cómpre unha indagación específica para cada caso. En ocasións cumprirá unha pescuda etimolóxica que inclúa a historia da palabra e as grafías existentes na Idade Media, e noutros será decisiva a información ofrecida pola actual extensión xeográfica das formas. Neste traballo analízanse algunhas destas formas problemáticas e fanse as propostas respectivas para o estándar.

## Palabras chave

Estandarización, toponimia, antroponimia, etimoloxía

## Sumario

1. Introducción. 2. A gheada na toponimia. 2.1. *Cameixa*. 2.2. ¿*Guimar-/Ximar*? 3. A gheada nos apelidos. 3.1. Representación gráfica da gheada coa letra <j>. 3.1.2. *Baluga*. 3.1.2. *Carmoega*. 3.1.3. *Mesego*. 3.1.4. *Herbogo*. 3.1.5. *Fraguío*. 3.2. Resultado [ɲk] da gheada en posición medial. 3.3. A gheada en apelidos. 3.3.1. *Abeixón*. 3.3.2. *Borraxeiros*. 3.3.3. *Sanxiao*. 3.3.4. *Xallas*. 4. Cabo.

## The issue of *gheada* in proper names (a contribution to standardization)

## Abstract

The standardization of proper names involves special issues not encountered in the general lexicon. The opacity of forms that are not part of the common lexicon makes the identification of a standard spelling difficult where two different pronunciations coexist. Such problems arise with place names or surnames spelt with <j> or <g> + e, i in old directories of place names or registry documents: it must be determined whether such names are to be interpreted as *gheada* pronunciations or as Castilianized variants of a form with an original /j/. The case of *Reguengo* is a good example: this appears in the directory of place names as *Regenjo* and entered the corpus of surnames in that form (or variants thereof). A proposal to adopt the standard form \**Rexenxo* was in circulation until the current official form, *Reguengo*, was established. Choice of the most appropriate variant requires case-by-case studies. Sometimes an etymological inquiry is necessary taking into account the word's history and medieval spellings; in other cases decisive clues are provided by a surname's present geographical distribution. In this study, some problematic forms are analysed, with a proposal for standardization.

## Keywords

Standardization, place names, surnames, etymology

## Contents

1. Introduction. 2. *Gheada* in place names. 2.1. *Cameixa*. 2.2. ¿*Guimar-/Ximar*? 3. *Gheada* in surnames. 3.1. Spellings representing *gheada* with <j>. 3.1.2. *Baluga*. 3.1.2. *Carmoega*. 3.1.3. *Mesego*. 3.1.4. *Herbogo*. 3.1.5. *Fraguío*. 3.2. Result [ɲk] of *gheada* in medial position. 3.3. *Gheada* in surnames. 3.3.1. *Abeixón*. 3.3.2. *Borraxeiros*. 3.3.3. *Sanxiao*. 3.3.4. *Xallas*. 4. Conclusions.

## 1. INTRODUCCIÓN

A representación da gheada no estándar tendeu a evitar desde que existen intentos conscientes da representación escrita da lingua galega, non sendo por motivos específicos (estilísticos ou metalingüísticos, principalmente). Ese foi tamén o criterio de actuación na toponimia, posto que se considera, coma nas normas ortográficas actuais, que calquera palabra que presente o grafo <g> pode ser pronunciada como /g/ ou como /h/. O principio é claro, pero as dificultades aparecen cando se trata de formas con difícil ou discutida interpretación etimolóxica e que aparecen nos nomenclátors antigos escritos con <j> ou con <g + e, i>.

As noticias máis antigas sobre a gheada remóntanse cando menos ó séc. XVIII: foi Sarmiento o pioneiro en facer explícita a súa presenza<sup>1</sup>, se ben se teñen recollido testemuños desde o século anterior: así se consideran as grafías de *prolojos* (a.1697) e *rejeyro* (a.1594), e mais os aparentes casos de gueada: *higüelas, aguares* (a.1650) e *ogas de migo* (a.1727) (vid. Mariño Paz 1994: 210-212). É neste longo período dos nosos chamados Séculos Escuros cando os apelidos empezan a verse reflectidos nos rexistros oficiais, ben sexan eclesiásticos ou civís, e os topónimos en mapas, en recontos dos visitantes eclesiásticos (como o de Jerónimo del Hoyo), en censos (como o de Ensenada, de 1750-1754) e despois en nomenclátors. Neses textos, escritos en castelán, aplícanse de maneira non sistemática, pero si frecuente, diversos mecanismos de conversión dos topónimos galegos á grafía e á morfoloxía do castelán, tendo en conta ademais que nestoutro idioma o fonema /x/ (fricativo velar xordo), que constituía unha novidade fonolóxica con respecto ó sistema medieval, estaba xa expandido e consolidado. Isto explica que nalgúns casos poidan aparecer con grafías que mostran a interferencia do castelán.

Para a toponimia, o labor da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia conseguiu clarexar un grande número de formas que en principio eran problemáticas, despois dun traballo de campo onde cumpría ver cal era a pronuncia real e mais dunha indagación histórica en busca da traxectoria documental e a procura etimolóxica.

A antroponimia, en cambio, non está sometida ó labor de estandarización de organismo oficial ningún, pois atinxe ó dereito privado e, ata agora, practicamente, foron cidadáns particulares, asociacións privadas ou servizos de normalización lingüística os que realizaron certo labor de difusión e de tentativas de fixación das formas. Por iso non se acometeu de maneira sistemática o labor de depuración que requirían as formas que foron deturpadas ó longo dos séculos en que experimentaron a presión e a interferencia de castelán, especialmente no que toca ós apelidos, que se transmiten historicamente<sup>2</sup>. Actualmente existe unha primeira listaxe publicada no *Boletín* da Real Academia Galega que xorde coa vontade de contribuír á estandarización social dos apelidos máis frecuentes (vid. Boullón 2009). Pero subsisten formas para as que non se propuxo aínda unha forma estándar, entre elas algunhas nas que se pode apreciar tamén os fenómenos da gheada, mediante a representación con <j> ou <g+e,i> do que é etimoloxicamente /g/, e mais da gueada, a ultracorrección resultante de considerar que detrás dunha forma escrita en castelán con <j> ou <g+e,i> existe /g/ no canto da fricativa prepalatal /j/.

Neste traballo exporemos algúns casos problemáticos procedentes de ambos e dous *corpora* (nomes de lugar e apelidos), coa intención de propor as formas estándar ou dar a coñecer as razóns de cada escolla.

<sup>1</sup> No seu traballo "Castellanos de Orense", publicado en *Grial* 26 (1969), e escrito en 1758, dicía: "los de Orense ... no tienen la propiedad [respecto de los otros países de Galicia] de confundir la G con la J ni la C con la S".

<sup>2</sup> Os nomes propios, cambiantes de xeración en xeración, foron castelanizados nos rexistros oficiais de forma case total, ben que nas últimas décadas existe unha certa recuperación das formas propias (vid. Boullón 2008).

## 2. A GHEADA NA TOPONIMIA

Antón Santamarina (1988: 93) daba conta dun certo número de formas en que se aprecian estas interferencias. Un caso coñecido é o de *Reguengo* (< lat. REGALENGO), que aparecía grafado como \**Regenjo* en áreas de gheada e do que se ten proposto desde instancias non oficiais \**Rexenxo* como forma falsamente galega<sup>3</sup>. Outros casos semellantes son \**Xidoiro* por *Guidoiro*, \**Xandriña* < *Ghandriña* (estándar *Gandriña*), ou *Laxos* < *Laghos* (estándar *Lagos*), etc.

Agora ben, a existencia destas formas escritas, que teñen presenza na cartografía e nos nomenclátoreos desde hai moito tempo<sup>4</sup> e as defectuosas regaleguizacións subsecuentes ten levado a supor a interpretación contraria noutro número de casos. Elixio Rivas (2007: 479-481), membro da Comisión de Toponimia, ó alertar ante este fenómeno, ten proposto formas que a documentación medieval desbota. Así, hai que descartar un <g> etimolóxico para os topónimos *Xaxán* de Lalín<sup>5</sup>, *Comoxo*, ou *O Irixo*<sup>6</sup>. E é que, como atinadamente reflexiona Gonzalo Navaza,

na fala as castellanizacións que substitúen un x por un j ou un g son excepcionais, por máis que se manifesten na escrita, especialmente na toponimia maior. As confusións, con todo, poden dar orixe tanto a formas ultracorrecas en g, nun sentido, ou en x, no outro. Estas últimas son moito menos probables (na fala popular espontánea a regaleguización dun topónimo aparentemente castellanizado é insólita) (Navaza 2002: 141).

E realmente, a pescuda de antecedentes medievais vai corroborando esta afirmación para outros casos propostos por Elixio Rivas. No que segue exporemos algúns destes casos con candanseu percorrido histórico e as propostas etimolóxicas correspondentes.

### 2.1. Cameixa

Apoiándose no topónimo *Tameiga*, Rivas propón \**Cameiga* para o que nos nomenclátoreos españois ten sido grafado como *Cameija* (Boborás-Ou). Porén, as documentacións medievais corroboran a solución proposta pola Comisión de Toponimia. É topónimo abundantemente documentado na Idade Media, ata un total de 88 veces no TMILG e mais no CODOLGA, desde o séc. X a 1491, de orixe posiblemente prerromana<sup>7</sup>. Se nos textos latinos a forma máis común é *Camesia(m)*, nos romances é común a representación do ditongo /ei/ (grafado como <ei> ou <ey>) seguido inequivocamente dunha palatal (grafada como <j>, <i> ou <gi>), como se pode ver na táboa que se reproduce a seguir, refeita a partir dos datos proporcionados polo TMILG e completada cos do CODOLGA.

	s.X	XII	XIII	XIV	XV	TOTAL
<b>Camesia(m)</b>	-	2	26	-	-	28
<b>Cameysa</b>	-	-	1	1	-	2
<b>Cameiga</b>	-	-	-	1	1	2
<b>Cameyga</b>	-	-	8	5	1	14
<b>Cameygia</b>	-	-	3	-	-	3
<b>Cameigia</b>	-	-	1	-	-	1

<sup>3</sup> Para o mapa do topónimo *Reguengo* no territorio galego coa isoglosa da gheada, vid. Boullón (no prelo).

<sup>4</sup> Tales como *Regeiro*, *Regengos*, *Gimarey* (Cuntis), *Jimarás* (Guitiriz, Begonte), no *Diccionario Geográfico* de Madoz, de mediados do séc. XVIII.

<sup>5</sup> Aínda que si é *Gagán* o monte da península do Morrazo que se pronuncia con gheada. Véxase, para máis detalles, Navaza (1998: 912).

<sup>6</sup> Véxase o estudo de Santamarina (2008: 940-1), con atestacións medievais e propostas etimolóxicas.

<sup>7</sup> Moralejo Álvarez (2008: 336) pon en relación con outros de orixe prerromana co mesmo comezo (*Camanzo*, *Camouzo*, *Camouzo*). Máis información histórica e pormenores sobre as documentacións medievais e no Catastro de Ensenada, onde tamén aparecen con <j>, en Fernández González (2007: 82).

<b>Cameiia</b>	-	-	-	3	-	3
<b>Cameija</b>	1	1	-	4	4	10
<b>Cameyia</b>	-	-	8	9	-	17
<b>Cameija</b>	-	-	-	-	7	7
<b>Cameiya</b>	-	-	1	-	-	1
<b>TOTAL</b>			48	23	13	88

**Táboa 1.** Variantes gráficas do topónimo *Cameixa* na Idade Media

Nas formas *Cameiia* e *Cameyga*, o <g> non pode interpretarse como fonema oclusivo velar, pois son grafos equivalentes ós que aparecen no mesmo contexto en *Tereiga/Tereyga*, onde é evidente que esta interpretación non cabe en absoluto<sup>8</sup>. A utilización do grafo <g> para a fricativa prepalatal é unha solución minoritaria, pero que se comezou a usar desde cedo (véxase Boullón/Monteagudo 2009: 50-51); procede da extensión do uso do <g> con este valor ante <e, i>, e desá maneira aparecen formas como *sega* (mod. *sexa*) ou *aga* (mod. *haxa*). Ensaíáronse outras solucións, pero a maioritaria na Idade Media nestes contextos foi <y> para a semivogal e os alógrafos <j> ou <i> para a consoante. No caso do topónimo que nos ocupa tamén son as maioritarias: a suma de *Cameija*, *Cameiia*, *Cameyia* e *Cameyja* é do 42%, e ascende ó 62% se non temos en conta a forma latina.

Á luz destas atestacións, faise evidente que a forma escrita *Cameija* reflicte en parte a continuidade da grafía medieval, transmutada na pronuncia castelá da mesma letra, e non unha primitiva forma \**Cameiga* transformada pola influencia da gheada.

## 2.2. ¿Guimar-/Ximar-?

Hai unha longa serie de topónimos de procedencia xermánica que vén da raíz *Wimara* (ou *Wimara*) -*anis*, un antiquísimo nome persoal visigodo, en palabras de Piel (1989:95), que se atesta en fontes hispánicas xa desde o século VII, e é bastante frecuente na Alta Idade Media galega (vid. Boullón 1999 s.v. *Vimara*). Estes topónimos comezan por /g-/ , como é habitual na adopción do [w] xermánico, e rematan en -*áns* ou -*ás* por procederem dun xenitivo en -*anis*; de aí *Guimaráns*, *Guimeráns*, *Guimarás*. Pois ben, existe outra serie de nomes que son idénticos formalmente salvo pola consoante inicial, pois hoxe presentan *Xi-*, e nos nomenclátors antigos estaban representadas coa grafía *Gi-*, o cal pode equivaler tanto ó galego *Xi-* coma a *Gui-* con gheada:

“Hai casos sorprendentes como unha serie de topónimos *Ximarás*, *Ximerás*, *Xumarás*, *Ximarei* e semellantes, os máis deles en área setentrional, nas provincias de Lugo e da Coruña, que presentan na fala unicamente a forma coa palatal fricativa cando tódolos indicios apuntan a que se trata de antigos *Guimarás*, formados do xenitivo *WIMARANIS* do nome xermánico *WIMARA*, co que estaríamos ante formas paralelas de hipercharacterización léxica presente na forma do xentilicio *portuxés*” (Navaza 2002: 141).

E, efectivamente, algúns dos topónimos grafados nos nomenclátors vellos como *Gi-* foron estandarizados como *Gui-* (e así o *Guimarás* de Muras, que aparecía como \**Gimarás* no *Nomenclátor* de 1973). Por iso Rivas (2007: 480) considera que todos eles deben ser estandarizados con *Gui-*. De todas formas, a pesar do que parece apunta-la etimoloxía, como medida de prudencia, na Comisión de Toponimia optaron por manter esas formas con *X-*, seguindo a pronuncia local<sup>9</sup>. No que segue examinaremos con certo pormenor estas series, tendo en conta as documentacións medievais e diversas posibilidades etimolóxicas.

<sup>8</sup> Para as variantes gráficas deste nome na época medieval, véxase Boullón 2000: 124.

<sup>9</sup> Antón Santamarina (2005: 27) detalla a pronuncia dalgunha destas formas: o topónimo reproducido como *Gemarás* no Madoz é hoxe *Xumarás*. Para o *Ximarei* de Lugo, os máis vellos do lugar non recordan unha forma con /g-/ (on con /h-/).

En primeiro lugar, consignamos o elenco das formas da toponimia e da microtoponimia, segundo constan no NG e no PTG:

*Guimar-* (*Guimer-*): *Guimarás*: Begonte-Lu, O Corgo-Lu, Muras-Lu, Outeiro de Rei-Lu, Pantón-Lu, Paradela-Lu, Allariz-Ou, Esgos-Ou, O Irixo-Ou, Piñor-Ou; *Guimaráns*: Vedra-C, Ames-C, A Baña-C, Padrón-C, As Neves-P. *Guimeráns*: Meis-P. *Guimarei*: Outes-Co, Baralla-Lu, Friol-Lu, Outeiro de Rei-Lu, Monterrei-Ou, Cuntis-Po. *Guimareu*: Cee-Co.

*Ximar-* (*Xemer-*, *Xumar-*): *Ximarás*: Guitiriz-Lu, Vilalba-Lu, Viveiro-L (microtop.), Lourenzá-L (microtop.); *A Ximará*: Viveiro-Lu, Moeche-C (microtop.), *Ximará*: Xove-L (microtop.), *As Ximarás* Alfoz-L, Viveiro-L (hidrot.); hai varias formas desta serie con con alteracións do vocalismo átono: *Xemerás*: Coirós-C, Mesía-C, Vilasantar-C, *Xumarás*: Cospeito-Lu. O Vilar de *Ximarei*: Cospeito-L. *Xemaré*: Xermade-L, *Ximareo*: Paderne-C, *Xemareo*: Cerceda-C.

Se acudimos ós testemuños medievais, comprobamos que neste caso non axudan moito, non porque non existan, xa que é unha serie de contrastada antigüidade, senón porque os grafemas <g+i> tanto podían indica-la consoante oclusiva coma a fricativa (cf. *gisar* = *guisar*, *leguitimos* = *legitimos*, ou, no ámbito da antroponimia, *Gilelmes/Guillelmes*). No caso que nos ocupa, no TMILG documéntanse diversas grafías.

	XIII	XIV	XV	XVI	TOTAL
Gimarãas	-	-	1	-	1
Gimaraes	-	1	-	-	1
Gimaranes	1	-	-	-	1
Gimareé	1	-	-	-	1
Gymaren	-	1	-	-	1
Guimaraens	1	-	-	-	1
Guimarães	1	-	-	-	1
Guimaraes	4	3	16	-	23
Yguimaraás	-	-	-	1	1
Guimareu	-	7	-	-	7
Guimareyn	-	1	-	-	1
Guymarey	-	1	-	-	1
Gimeraes	-	1	-	-	1
Guimeraens	1	-	-	-	1
TOTAL	8	15	18	1	42


**Táboa 2.** Topónimos comezados en *Guimar-/Gimar* nos textos medievais

O seguinte paso é examinármola repartición sincrónica da toponimia, que neste caso nos ofrece unha información reveladora, porque, se temos en conta a repartición xeográfica dos topónimos en *Ximar-*, vemos que tres deles quedan fóra da área de gheada (Alfoz-L, Lourenzá e sur de Viveiro), polo que, alomenos nestes tres casos, forzosamente hai que buscar para eles outra interpretación distinta á da interferencia coa gheada.

Este argumento poderíase desbotar se se considera a posibilidade de que a isoglosa da gheada puido recuar cara ó oeste, e que noutro tempo existise nesta área. Pero, aínda nese caso, ¿por que esa presunta ultracorrección se dá só nos elementos desta serie, e non nos moi abundantes topónimos próximos que presentan <g>? Se descartamos aqueles que poden ser interpretados por existiren no léxico común, aínda quedarían moitos escuros que serían susceptibles de sufrilo mesmo fenómeno. Por exemplo, no concello de Xermade está *Xemaré*, que Piel

e Kremer interpretaron como procedente de *Vima-redus* con gheada (HGNB 303.2); pero non houbo tal fenómeno en *Gandia*, *A Garrona*, *Goía*, *A Pigaroa* ou *Sagramón*, topónimos opacos do mesmo concello; ou en Cospeito, onde están *Xumarás* e *Ximarei*, ó lado de *Gabin*, *Goelas*, *Gornai*, *Guisande*, *Goá*, *Algara*, *Guldeiro* ou *As Paincegas*. Quérese dicir, é estraño que, se se trata dunha hipercorrección, ocorra xustamente en topónimos desta mesma serie etimolóxica, aínda estando en localizacións distantes, e mesmo en áreas onde non existe gheada.

Por outro lado, vemos que se pode trazar unha área máis ou menos compacta nos puntos en que hai X- inicial, que parecen presentar unha distribución complementaria con respecto á zona das formas que comezan con *Guimar-* (e, por tanto, procedentes de *Wimara*). Aquelas están limitadas á unha área un pouco máis ó suroeste do que hoxe se denomina área mindoniense (véxase o mapa 1, coa isoglosa que os separa, baseado nos datos do PTG). Este dato parece suxerir unha distribución dialectal de dous ítems antroponímicos, o que podería reforza-la idea de estarmos ante dúas raíces distintas.



Mapa 1. Topónimos en *Guimar-* e *Ximar-*

Así pois, a solución para este aparente enigma pode ser a busca dunha interpretación etimolóxica diferente para o topónimo, sempre dentro do ámbito xermánico. Se descartamos *Wimara*, deberemos atopar outra posibilidade que foneticamente poida dar este resultado, pero tendo en conta que comparte con esta forma certos problemas morfolóxicos.

En principio, considerando que debe ser unha formación bitemática, centrarémonos no primeiro dos temas. Unha posibilidade etimolóxica é *\*Gilimarus*, composto coa raíz *Gil-*, *Gel-* (HGNB § 127), que non presentaría dificultades fonéticas, coa caída do *-l-*, da mesma maneira que, xunto coa segunda raíz *-mundus*, deu lugar a *Ximonde* (HGNB 127.6). Este nome non o documentan Piel e Kremer no HGNB (nin Kremer no seu repertorio de nomes cataláns de orixe xermánica, 1969: 119), pero si Förstemann (1900: 1.638): *Gilomar*, *Gilmar*. Sería, logo, unha reconstrución baseada nun nome realmente existente, aínda que documentado ata agora noutra área xeográfica.

Tamén se podería pensar en \**Genemar*, composto por unha primeira raíz *Gen-*, (HGNB 121) a mesma que *Piel* e *Kremer* suxiren como alternativa para o devandito *Ximonde*, e mais para o portugués *Gemunde* (HGNB 121.4). Por último, unha terceira posibilidade que estes autores mencionan é a raíz *Gis-* (HGNB 129.9)<sup>10</sup>.

Para o segundo dos temas parecería en principio que non habería maior dificultade, porque *-marus* (HGNB 345), está moi representado na última parte de nomes bitemáticos en numerosos topónimos espallados por toda Galicia: *Abremar, Adromar, Ansemar, Baldomar, Estremar, Golmar, Gondomar, Loimar, Romar, Samar/Zamar, Vilagormar...*

Pero existe unha obxección de tipo morfolóxico. Como se ve na relación destes topónimos, todos eles rematan en *-ar*, o que constitúe a evolución regular a partir do xenitivo en *-mari*. Dixemos antes que o nome *Wimara* tiña unha declinación en *-anis*, pero isto é unha anomalía para un nome bitemático, posto que este tipo de declinación só a presentan os nomes monotemáticos ou, en todo caso, os que portan un sufixo lexical átono, como *Fáf-ila, -anis* (Piel 1989: 95). Efectivamente, os actuais topónimos de procedencia gótica que posúen a terminación *-áns/ás* (o que depende da área dialectal), poden ter estas orixes:

- a) Un nome monotemático: *Burgás* (HGNB 51.1b), *Forxás, Freás, Friáns* e *Froiás* (todos eles sub HGNB 106.9), *Gamás* (HGNB 113N), *Guláns* (HGNB 133.7), *Luáns* (HGNB 171.4), *Mandrás* (HGNB 174.2), *Mandás* (HGNB 176.2), *Marás* (HGNB 179.2, 304), *Miráns* e *Mirás* (HGNB 185.6a), *Nináns* (HGNB 194.1a), *Santás* (HGNB 231.7)<sup>11</sup>.
- b) Un nome monotemático cun sufixo átono, que adoita ser *-ila*: *Bardiás* (HGNB 39.1), *Bardelás* (HGNB 29.1?), *Cumiáns* (HGNB 144.17), *Deilás* e *Delás* (HGNB 64.5), *Fafiás* (HGNB 82), *Faramiñas* e *Faramilláns* (HGNB 100.7), *Gaiás* (HGNB 111.10), *Gojáns* e *Goiás* (HGNB 120.8), *Comeás* (HGNB 144.17), *Gundiñáns* (HGNB 145.48), *Gundiás* (HGNB 304), *Izáns* (HGNB 149.5c), *Meilás* (HGNB 177.18), *Lustiás* (HGNB 192.2?), *Olás* (HGNB 212.7 ou 202), *Requiás* (HGNB 219.28), *Sandiás* (HGNB 231.9), *Tibiás* e *Tibiáns* (HGNB 271.41), *Vixiáns* (HGNB 301.5), *Quistiláns* (HGNB 313.8a). Hai un caso de *-ica*: *Mourigás* (HGNB 182.2).
- c) Una serie moi reducida de nomes bitemáticos, que requiren unha explicación específica. Por un lado, *Gondrás* e *Torás* constitúen a evolución fonética normal de cadanseu xenitivo (\**Gunderacus* HGNB 145.24 e \**Teuderaci* HGNB 271.22), polo que a coincidencia é só formal. E despois estaría a serie que estamos a estudar (*Guimar-, Ximar-*), máis *Ramirás/Ramiráns, Xamirás/Samiráns, Bertamiráns* e *Guldrigáns*).

Neste último grupo, a explicación non pode se-la mesma cá dos dous primeiros, dado que, como se dixo, os nomes bitemáticos non admiten a declinación consonántica. Así pois, cómpre buscar outra. Trátase dunha anomalía que xa espertara o interese dos investigadores da toponimia de procedencia xermánica, como Sachs (1932, apud Kremer 1970) e despois Piel (1989[1968]) e Kremer (1970). No seu dicionario dos nomes hispano góticos, Piel e Kremer optaron por distinguir entre o nome *Wimara* (HGNB 304) e a raíz *Wim-* entrando en composición cos segundos temas *-mirus, -redo, -rigus*, e mesmo como tema único (*Vima*) (HGNB 303).

Piel, para a serie dos descendentes de *Wimara*, pensa na posibilidade dun "antigo dualismo morfolóxico, aínda gótico, *-mar(h)s* frente a *-mara*, constituindo *Uimara* o último sobrevivente deste último tipo, presumivelmente máis arcaico" (1989: 97). Estoutra raíz, logo, presentaría o mesmo tipo de declinación cós nomes de raíz única. Se fose así, este tipo podería estar tamén

<sup>10</sup> Menos plausible porque habitualmente os seus descendentes conservan a sibilante transformada en *r* por rotacismo (port. *Germunde*) ou con confusión de líquidas (port. *Gilmunde*). Este nome tamén se atopa en Förstemann (1900: 1,646): *Gisemar, Gissemar, Gisilmar*.

<sup>11</sup> Outras formas non están rexistradas no HGNB pero poden engadirse a este grupo: *Lobás*, apoiado pola existencia de *Lobán, Loibán* (HGNB 169.12a), *Maráns* (parello a *Marás* HGNB 179.2), *Atás* (dadas as formas *Atá, Atán* HGNB 28.5)

na base dos nomes constituídos por *Ximar-* e na doutros como *Gomar* (HGNC 144.7), que deixou topónimos equivalentes á serie dos de *Wimara: Gómara / Vímara, Gomarães* (Portugal) / *Guimaráns ~ Guimarães*.

Esta explicación valería logo para estas formacións anómalas, pero aínda quedarían fóra os topónimos en *-ás/-áns* procedentes de nomes bitemáticos: *Rani-mirus, Sala-mirus, Berta-mirus*. Piel e Kremer explicaron a formación *Ramirás* "mit ethn. Pluralsuffix *-anes/-anos*", isto é, cun sufixo plural étnico, o que parece estar corroborado polos contextos que aducen: "vgl. pg. +*Ra-miraos* [casal dos] 1258 Inq 387<sup>a</sup>, +*Ramiraes* [casas de ] ib. 438a" (HGNC 216.7), posibilidade que apuntan para outros nomes, como *Guldrigáns* (HGNC 141.6) e *Xamirás* (HGNC 229.2, "exinde per *Salamiranes*" a.1145 TSobrado 426-7).

O problema aquí radica en que a maneira habitual de forma-los xentilicios nos topónimos galegos é a partir do sufixo *-ANUS* (plural *-ANOS*), procedemento que conta con numerosos exemplos:

*-aos: Caldelaos, Cumbraos, Estorgaos, Mariñaos, Meiraos, Naviaos, Probaos, Rebordaos, Ribeiraos, Sarreaus, Susaos, Timiraos, Toldaos*

*-aus* (variante fonética): *As Maus* (med. *Asmanos*, xentilicio derivado de *Asma*), *Bresmaus* (xentilicio de *Beresmo* < lat. *VERISSIMUS*), *Castelaus, Naveaus, Sarreaus*

Na área occidental o resultado actual de *-ANOS* conflúe co de *-ANES* (en *-áns*), de xeito que as formas *Bertamiráns, Guldrigáns, Ramiráns* e *Samiráns* poderían proceder de calquera das dúas terminacións, pero no caso de *Ramirás* e *Xamirás* non podemos pensar máis ca nun precedente *-ANES*. De maneira que a terminación destas formas continúan a presentar unha anomalía con respecto á formación usual dos topónimos de posesores, neste caso polo sufixo empregado. Unha posible explicación é considerar unha simple confusión de sufixos.

Para concluír, volvendo á nosa serie en *Ximar-*, supoñemos para os topónimos tipo *Ximarás* unha formación equivalente á de *Guimaráns*, tendo en conta ese segundo tema de declinación idéntica ós monotemáticos, que Piel presume máis arcaico.

Da mesma maneira, poderíanse buscar outras posibles orixes etimolóxicas para *Ximarei* (Cospeito-C), *Xemará* (Xermade-L) e *Xemareo* (Cerceda-C), tendo en conta unha obvia segunda raíz en *-redus* (HGNC 352)<sup>12</sup> e un primeiro elemento *Gimmo*, a partir deste nome atestado en Förstemann (1900: I, 641), que tamén se documenta na composición de topónimos (1913: II, 1052).

En definitiva, coidamos que nestes casos a decisión da Comisión de Toponimia, de manter con X- un conxunto de topónimos que aparentemente debían presentar G-, é acertada, xa que etimoloxicamente poden ter unha explicación razoable dentro do conxunto dos nomes de orixe xermánica.


### 3. A GHEADA NOS APELIDOS

Semellantes problemas se atestan na antroponimia persoal, concretamente nos apelidos, só que coas peculiaridades que lles son propias a este tipo de materiais, dadas as distintas características da súa fixación. Moitos deles fixéronse por escrito durante os Séculos Escuros, nunha


<sup>12</sup> Como en *Xirei, Xiré, Eiré < Ageredus* HGNC 5.9, *Aldrei, Aldreu < Alderedo* HGNC 9.6, *Ansareo < Ansoredus* HGNC 17.11, *Arxerei, port. Algereu < Argeredus* HGNC 22.13, *Baldrei, port. Baldreu < Balderedus* HGNC 37.10, *Gondarei, Gondrei, Gondarén, Gondreo < Gunderedus* HGNC 145.27, *Leborei, Leboré, Leboreo, Libureo < Leoveredus* HGNC 169.6, *Recarei, Recaré, Recareo < Recaredus* HGNC 219.16, *Guillarei, Guillareo < Uiliaredus* HGNC 302.19, *Guimarei, Guimareu*.

época en que había unha vontade de castelaniación que se reflectía de xeitos diversos segundo os múltiples actantes que se viron involucrados (os sacerdotes nos rexistros parroquiais, primeiro, e despois os funcionarios dos rexistros civís). Por iso atopamos diversas proporcións de castelaniación nos apelidos e tamén diversas modalidades de deturpación (vid. Boullón 2009).

Comezabamos falando do topónimo *Reguengo*, documentado nos nomenclátors antigos como \**Regenjo* e que ten aínda maior cantidade de variantes na onomástica persoal. Sendo un apelido relativamente escaso (sumando tódalas variantes non chegan ás 200 ocorrencias), vemos que a maioritaria é a forma estándar, *Reguengo*, que se localiza especialmente en Ourense, onde non hai gheada, mentres que as outras variantes, que chegan a ser cinco, están todas na área occidental (fundamentalmente, ó redor da ría de Arousa e na Estrada).



Mapa 2: *Reguengo* (38 ocorrencias)



Mapa 3: *Regengo* (18), *Regenjo* (92), *Rejenjo* (7), *Reguenjo* (3), *Regengo* (18)

### Mapas 2 e 3. Apelido *Reguengo* con e sen gheada (CAG)

Temos aquí, logo, unha das características do corpus antroponímico: a pluralidade de formas que un mesmo apelido pode presentar, en maior medida aínda cós topónimos. Se se trataba dunha forma opaca, a persoa encargada de fixalo na escrita procuraba acomodalo ós hábitos escritos do castelán, o que implicaba con frecuencia non só cambios gráficos (que comportaban con frecuencia mudanzas fonéticas), senón tamén morfolóxicos. E isto facíase tamén con apelidos estranxeiros: Xosé M<sup>a</sup> Lema mostrou que o apelido *Juega* e maila súa variante *Jueguen* son adaptacións con gheada do apelido bretón *Gueguen*<sup>13</sup>, que chegou ás nosas costas no século XVIII e que actualmente ten o seu centro en Vilagarcía de Arousa e está difundido principalmente polo Salnés; nesta adaptación debeu ter que ver tamén a semellanza co verbo español *jugar*.


No que segue analizaremos algúns destes apelidos que poden resultar problemáticos.

## 3.1. Representación gráfica da gheada coa letra <j>

### 3.1.1. Baluga

O apelido *Baluga* está representado no censo de 2001 con 236 ocorrencias, e no CAG aparece concentrado nunha área ó redor do concello de Santiago, en plena área de gheada, pois. Ademais, tamén se rexistran 15 ocorrencias da variante gráfica *Valuja*.

<sup>13</sup> O apelido *Gueguen* está concentrado na Bretaña francesa, especialmente no departamento de Finistère (véxase na páxina web de Geopatronymie). Segundo Abalain (2000 : 20) era un antigo nome de pia: "*Guéguen* ... désignait le combattant. Variantes: *Guégan*, *Guéguin*, *Guiguen*, *Guguen*". Existe unha variante gráfica moito menos usada, *Gwegen*, que se axeita mellor á ortografía máis usual do bretón.



**Mapa 4.** Apelido *Baluja* (CAG)

Non existe forma semellante na documentación medieval, pero si se atesta con certa profusión o uso de *Baluga* como sobrenome desde principios do século XIII:

Petro Pelagii *Baluga*, porcionario compostellano a.1207 TBSantiago 427-431; Pelagius *Baluga* a.1227 TSobrado I 304, Petrus *Baluga*, miles a.1249 FdezViana 119; Pero Pelaes *Baluga* rraçoeyro que fuy de Santiago a.1390 LTenzaHórreo 26R; Gonçalvo *Baluga* a.1432 DocDevOurense 385; Vasco *Baluga* a.1494 CDSClodioRibeiro 626

A maiores, pola área de Santiago existiu un diminutivo, *Baluguino*, do que non hai rastro no repertorio actual dos apelidos:

Dominicus Pelagii *Baluginus* a.1283 CDGH 248-254; Dominico Pelagii *Baluguino*, dispensatore a.1292 TBSantiago 869-871; Iohan Eans dito *Baluguino* clerigo do choro de Santiago a.1343 DocBelvís 415; Domingo Pelaes *Balugino* 14.1390(or.) LTenzaHórreo aR

E mais unha forma con variación xenérica, *Balugo*, especialmente en Ferreira de Pantón, do que actualmente non quedan máis ca nove ocorrencias, a carón de *Valugo*, con 30, repartidos ó redor de Ourense, onde tamén se documentaba na Idade Media:

Petro Martini dicto *Balugo* a.1274 DocCatOurense 179 = Petro Martini *Balugo* a.1259 DocCatOurense 269; Iohannes *Balugo* a.1282 DocCatOurense 367-9, Johan *Balugo* a.1320 CDFPantón 53; Johan *Valugo* a.1353 CDFPantón 74; Domingo *Balugo* morador en Pantón a.1404 CDFPantón 120; Rodrigo *Balugo* a.1481 CDSEstevoRibasSil\_XV 91, Rodrigo Afonso *Valugo* [mercador, vesíño e morador no couto do mosteiro] a.1502 CDSEstevoRibasSil\_XV 115

A continuidade deste sobrenome vémosa nos Catastros de Ensenada, onde xa se reflicte a variante con gheada:

Antonia *Baluga* a.1751 CatastroBetanzos R.Legos-1042; Antonio *Baluga* [labrador] a.1751 CatastroBetanzos R.Legos-1042; Benito *Baluxa* [labrador] a.1752 CatastroSantiago 169; Domingo *Valuja* [labrador] a.1752 CatastroSantiago 169; Juan *Valuja* [labrador] a.1752CatastroSantiago 169

A grafía <x> era un procedemento normal en documentos casteláns desta época de reflectir o fonema fricativo velar xordo; quérese dicir que neste caso non debe representa-lo fricativo prepalatal propio do galego.

A orixe desta forma debe estar, como me suxire o profesor Ferro Ruibal, no latín *BALLUCA*, variante de *BALLUX*, -UCIS, e que significaba 'area de ouro'. Esta acepción aparece representada nos dicionarios galegos (véxase o DdD) a partir desta última variante latina coa forma *baluz* (Cuveiro 1876, Porto 1900, Eladio Rodríguez 1958-1961) e *baluce*, rexistrada en primeiro lugar por Francisco J. Rodríguez en 1854, exemplificada despois por Aguirre:

Granos de oro que se cojen en el Sil. *Oje bin a Genisa collendo os baluces no Sil, si birades que garrida* (Aguirre 1858).

Agora ben, esta forma *baluz* ou *baluce* non parece ter existencia real: Rodríguez (1863) di que a toma de Sarmiento, pero este en realidade traducía a Plinio no comentario en que citaba esas voces:

A los granos de oro pequeños llamaban *baluce*: «balucem vocant» (255 r.) y a las pepitas grandes *palacras* o *palacranas*, y a veces entre las arenas de los pozos se hallaban *palacranas* o pepitas de diez libras romanas o de 120 onzas de oro.

Por tanto, dá a impresión de ser unha desas voces fantasmas introducidas por un primeiro lexicógrafo e que se foron perpetuando de dicionario en dicionario. A outra variante, *baluga*, si ten existencia real, e rexístrase cunha acepción, derivada da primeira, que é moito máis propia para formar sobrenomes: 'bóla de manteiga', desde Valladares (1886) ata Aníbal Otero (1949, 1979) e ultimamente por Constantino García (1985, en Cabalar-A Capela, Santiago, Valadouro e Cedofeita-Ribadeo). Así o explica Álvaro Cunqueiro como alcume dun dos seus personaxes:

Pedro Pérez, alias do Ferreiro, a quen de neno chamaban «Fol» e «*Baluga*» porque era regordo, canso e brando (1960, *Escola de manceiros*, apud TILG).

Penso, en conclusión, que *Baluga* é un apelido delexical procedente do lat. *BALLUCA* e difundido con <j> por identificarse a pronuncia con gheada co son máis semellante ó español. De feito, nin nos dicionarios da RAE (<http://www.rae.es/rae.html>) nin no *corpus* diacrónico do español (CORDE) se documenta forma semellante, con esta ou outra grafía. Por tanto, a forma estándar debe se-la que se axusta á grafía moderna do galego, *Baluga*, pronúnciese ou non con gheada, e con *b-*, atendendo á súa etimoloxía. Está tamén en consonancia co apelido *Balugo*, que debe ser unha adaptación morfolóxica ó xénero masculino do portador, e que debe ser preferido á variante con *V-*, que tamén existe hoxe en día.

### 3.1.2. Carmoega

Este topónimo, que dá nome a unha parroquia do concello de Agolada (San Pedro), presenta actualmente catro variantes formais que proceden sen dúbida deste punto xeográfico, como demostra a súa actual distribución cartográfica, con centro en Agolada e Lalín e extensión cara ó oeste de provincia (Cuntis, Moraña, Pontevedra...). As variantes son as seguintes:

*Carmuega* 141 – *Carmoega* 29 – *Carmueja* 40 – *Carmoega* 1

Como se ve, a forma máis frecuente é a que representa a forma máis evolucionada a partir de *Carmoega*, co paso de hiato a ditongo con disimilación da vogal pretónica. A forma máis tradicional é a que se recolle para o estándar, *Carmoega*, que aparece como topónimo en varios documentos medievais do mosteiro de Oseira.

En canto ás outras dúas, manifestan evidentemente a representación da gheada propia da zona de onde é o topónimo. Un portador deste apelido infórmanos de que a súa bisvoa e a súa avoa eran *Carmoeja*, e seu pai foi inscrito como *Carmueja*; parte da súa familia foi a Brasil, onde tres dos irmáns da primeira xeración nacida alí foron inscritos de forma distinta: *Carmoeja*, *Carmueja* e *Carmoeja*, estes últimos pronunciados á portuguesa (isto é, con fricativa sonora). O caso dos apelidos desta familia é paradigmático do heteroxéneo que foi o proceso de fixación dos apelidos, pois a partir da primeira forma xeráronse catro diferentes, con ata tres modos distintos de pronuncia-lo /g/ orixinario.

Coido que neste caso a forma estándar debe ser *Carmoeja*, coincidente co topónimo. A etimoloxía desta voz non está aclarada: parece partir dunha base prelatina \**CARMO*, presente noutros topónimos igualmente escuros como *Carmona*, *Caramoñiña*. A terminación é semellante á prelatina que hai en *Arnego* ou *Lamego*, pero sorprende o remate en *-a*. Amais desta aproximación, Antón Santamarina indicoume unha etimoloxía popular transmitida polo lexicógrafo Rodríguez no seu dicionario de 1864 (apud DdD), que non me resisto a transcribir:

Oí, allá en mis primeros años, que de la voz *moega* y *cara*, viene la de *Carmoeja* ... . Fué el caso de un ladronzuelo robó la *moega* de un molino á tiempo que el dueño pudo seguirle y alcanzarle, y de alcanzado le dió tal paliza, que se vió obligado á soltar la expresion de *cara-moega*, esto es, que le salia cara: y que de esto tomó el sitio el nombre y despues la parroquia, que seria posterior al hecho si fué verdad como lo es que hay la tal parroquia. Ello es cierto que todas le tomaron de algun motivo, aunque hoy se ignoran los más de ellos.

De todo isto podemos concordar coas últimas palabras da cita, que se poden aplicar sen dúbida a calquera topónimo.

### 3.1.3. Mesego

Os apelidos *Mesego* (287 ocorrencias) e *Mesejo* (83) proceden do topónimo homónimo, derivado de *mes*, do lat. *MESSIS* ‘colleita de cereais’, ‘sega, seitura’, co suf. prelatino *-AECU* (Navaza 2006: 346), con correlato no español *Misiego*. Xa se documentan desde a época medieval:

Afonso Rodrigues de *Mesego* a.1299 CDOseira 1218; teença de *Mesego* a.1390 LTenzasSantiago 2; igreia de *Mesego* a.1456 CDSClodioRibeiro 688; Fernã de *Mesego* [racioneiro da igrexa de Santa Maria de Baiona] a.1518 NotariosBaiona 679.

Hai tres topónimos maiores en Galicia: en Cuntis, Pontearreas e O Carballiño. Neste caso é a información diatópica actual a que nos dá a información sobre a variante con <j>, porque se localiza ó redor de Cuntis, polo que está claro que procede do topónimo deste concello.

### 3.1.4. Herbogo

O topónimo *Herbogo*, de identificación problemática, tal vez en relación con *herba* (Moralejo 1976: 289), localízase no concello de Rois. O escasos apelidos ós que deu lugar teñen máis ocorrencias con <j> (26) ca con <g> (só 3), e mostran unha ruta cara ó Salnés e A Estrada.

### 3.1.5. Fraguío

Trátase dun derivado de *fraga* co sufixo *-ío* formador de adxectivos, e que se aplica a un terreo cuberto de mato. Así é como se categoriza no VOLGa, pero os datos lexicográficos apuntan outra cousa (apud DdD): na *Contribución* de Aníbal Otero (1958) vén definido como substantivo, coa

acepción 'terreo cubierto de maleza', acepción que tamén presentan os escasos exemplos presentes no TILG, tal e como se ve neste de Victoriano Taibo (1956):

vellas misteriosas, cursarias na maldade e na rexuba, que moran nos *fraguíos*, aniñadas entre o mesto brual das bouzas centenarias.

Os outros dous escritores que a usan neste corpus son Xabier Lama e Darío Xohán Cabana. Por outro lado, no *Glosario* de Constantino García (1985) os únicos derivados adxectivos de *fraga* que constan son *fraguizo* e *fragueiro*. Non atopamos topónimos formados con esta voz no NG, pero si un microtopónimo no PTG: *A Chousa do Fraguío* (Boqueixón). Estes datos indican que como voz viva só se documenta como substantivo e que ten pouca vitalidade. Quizais por iso ó lado do apelido *Fraguío* (181 ocorrencias), estendido pola área mindoniense e en torno á área da Coruña, se formase a variante *Fragío* (104), algo máis espallado pero case exclusivamente en área de gheada.

### 3.2. Resultado [ɲk] da gheada en posición medial

O resultado [ɲk] en posición medial é propio dalgúñas áreas costeiras onde hai gheada (véxase o mapa en Fernández Rei 1990: 168). Só o atopei nos apelidos *Funqueiro* (con cinco ocorrencias) e o seu derivado *Funqueiriño* (6), ó lado dos correspondentes *Funqueiro* (153) e *Funqueiriño* (404), espalladas en torno á ría de Arousa. A escasez das ocorrencias leva a pensar na posibilidade dunha errata, pero este apelido ten presenza tamén na Arxentina, o que apunta a que se debeu fixar naquel país por tratarse alí dunha voz opaca, igual có ocorrido con *Carmoega*. En Galicia esta voz é común<sup>14</sup>, o que posiblemente axuda a mante-la forma propia da escrita.

### 3.3. A gueada en apelidos

Nalgúns apelidos podemos ve-la hipercorrección a partir da forma castelá. Dáse aquí unha interferencia máis: o orixinal /ʃ/ que se castelanizara en /χ/ pasa a pronunciarse como /g/ en áreas de gheada. Cremos que hai algúns apelidos que só se poden explicar a partir desta interpretación.

3.3.1. O topónimo **Abeixón** (Lousame-Co) deu lugar a un apelido de bastante difusión arredor do Barbanza, pero castelanizado (*Abeijón*, con 1.665 ocorrencias). De orixe etimolóxica escura, segundo Bascuas (2002:177) pode estar formado a partir dunha raíz prerromana *aba'auga'*, con varios sufixos. Pois ben, cremos que o *Abeigón* que, con só 40 ocorrencias se localiza sobre todo en Pontevedra, debe ser unha mostra de gueada formada a partir do topónimo castelanizado.


3.3.2. **Borraxeiros** é un derivado de *borraxa*, tal vez procedente de BARRAGO, -INIS (Navaza 2006: 90-92), que deu lugar a dous topónimos (un na Cañiza-Po e outro en Agolada-Po) e despois ó apelido *Borrageiros*, coa grafía tradicional, hoxe pronunciada /χ/ (126 ocorrencias, e 10 a variante gráfica *Borrajeiros*). Hai varios precedentes medievais do uso antroponímico desta forma:

Gonçalo Peres de *Borrageiros* a.1388 THSantiago 144, Johán de *Borrageiros* a.1442 DocDevOurense 272

O apelido sufriu posteriormente castelanizacións variadas: unha modificación morfolóxica en *Borrageros* (61 ocorrencias), cunha variante gráfica (*Borrajeros* 31), e as interpretacións respectivas con gueada destas formas en *Borrageiros* (11 ocorrencias) e *Borraqueros* (7 ocorrencias).

<sup>14</sup> "Cada unha das estacas grosas, curtas e afiadas que se colocan verticalmente polos lados do carro, para que non caia a carga ou para soste-los ladrails" (DRAG). Está espallada por toda a provincia da Coruña, máis da metade norte de Lugo e oeste de Pontevedra; no resto do territorio a forma é *estadullo* (vid. ALGa III mapa 259).

Non se trata de topónimos casteláns, posto que non hai formas correspondentes no nomenclátor español, nin no dicionario da RAE, nin no corpus diacrónico do español (CORDE), e, ademais, os apelidos están concentrados en Galicia<sup>15</sup>. As variantes citadas sitúanse maioritariamente na provincia de Pontevedra, en torno a dous focos principais: Cambados e A Estrada. A forma estándar para todas estas variantes debería ser *Borraxeiros*, conforme ó topónimo que as orixinou.



**Mapa 5.** Difusión xeográfica dos apelidos *Borraxeiros*, *Borraxeiros*, *Borrageros*, *Borrajeros*, *Borrageiros* e *Borrageros* (CAG)

3.3.3. O culto a *San Xíán* (< lat. IULIANUS) foi extraordinariamente popular no territorio galego<sup>16</sup>, pois deu lugar a moitos haxiotopónimos coas correspondentes variantes dialectais: *San Xíán* (lugares: Co<sub>3</sub>, Po, Lu; parroquias: Co<sub>21</sub>, Lu<sub>2</sub>, Po<sub>3</sub>), *San Xillao* (lugares: Lu<sub>5</sub>, Ou; parroquias: Lu<sub>9</sub>, Ou<sub>2</sub>), *San Xíá* (Monfero-Co) e *San Xíao* (lugares: Co<sub>4</sub>, Lu, Ou<sub>2</sub>, Po<sub>2</sub>; parroquias: Co<sub>7</sub>, Lu<sub>22</sub>, Ou<sub>2</sub>, Po<sub>3</sub>). De aquí procede o apelido *Sangiao* (585 ocorrencias), escrito coa grafía tradicional da sibilante, e hoxe pronunciado á castelá (tamén hai *Sanjiao*, con 60 ocorrencias). Actualmente as principais densidades deste apelido danse ó redor da Estrada e de Guitiriz, onde se localiza cadansúa parroquia homónima.

Amais destes, está o apelido *Sanguiao*, con só 47 ocorrencias, a maior parte deles entre Melide e Santiso. Se non se atopa outra explicación etimolóxica para esta forma, ben se pode explicar como unha interferencia por gueada: ocorre en área de gheada, dáse nunha forma bastante opaca (ou debía selo para o escribán que así a asentou no rexistro), e está moi localizada. Cumpriría nestes casos un estudo específico dos hábitos escriturarios nos rexistros desta área. A forma estándar para este apelido é, para tódalas variantes devanditas, **Sanxiao**.

3.3.4. O topónimo **Xallas** nomea un río, a comarca estremeira con el (formada polos concellos de Mazaricos e Santa Comba), varios topónimos situados pola área (nos concellos de Cee, Santa Comba, Vimianzo) e un fóra dela (en Rois). Ademais, deu lugar a un apelido, grafiado con *J*, non demasiado frecuente (ten 174 ocorrencias) e espallado polo suroeste da provincia da Coruña. A etimoloxía deste topónimo non está aclarada e, de feito, é unha das formas que Rivas (2007: 480) pensaba que podía tratarse dunha deturpación por gheada e que, por tanto, a forma orixinaria sería *Gallas*. Pero as atestacións medievais descartan esta hipótese: sempre se documenta coas grafías <I> ou <J><sup>17</sup>. As diversas propostas etimolóxicas están expostas criticamente por Martínez Lema (2010: 384-388); os datos históricos parecen apuntar cara a unha orixe prerromana.

<sup>15</sup> Aínda que algúns teñen escaso número de ocorrencia noutras provincias, como se pode ver en <http://www.ine.es/daco/daco42/nombypapel/nombypapel.htm>.

<sup>16</sup> Para a súa fortuna no territorio hispánico, vid. Piel 1949: 345-346.

<sup>17</sup> A primeira, *Jalas* (a. 1289 TToxosOutos 698), e despois *Jallas* (a partir de 1326 en DocUnivSantiago).

Desta maneira, o apelido *Gallas* que, con só 51 ocorrencias se localiza pola comarca de Caldas, debe interpretarse como un caso máis de gueada, que afectaría ós portadores deste apelido que se desprazaron cara ó sur.

#### 4. CONCLUSIÓNS

A partir da análise dos elementos onomásticos para achala forma estándarponse de manifesto a heteroxeneidade do seu proceso de fixación, moi evidente nos apelidos con gheada, pois atopamos ata catro ou cinco formas diferentes (de *Carmoega*, *Reguengo* e *Borraxeiros*). Tamén hai indicios de existiren menos restricións aínda na emigración a Sudamérica (como se ve en *Carmoega*, *Funqueiro/Funqueiriño*), vía de investigación que aínda está por transitar. Podemos extraer algunhas conclusións de tipo metodolóxico:

- No que respecta á reconstrución da historia das palabras (para o que é de uso imprescindible o CODOLGA e o TMILG), as grafías medievais serán decisivas á hora de reconstruí-lo étimo dunha voz, como se ve en *Cameixa*, *O Irixo*, *Xallas* ou *Comoxo*. Agora ben, cómpre ter en conta as peculiaridades da scripta medieval, onde non hai univocidade entre o grafema e o son que representa. O contrario pode inducir a erro na interpretación do valor fonético dos grafos, como se vía no caso de <g> + a como sibilante en *Cameyga*, ou de <g> + i como oclusiva en *Gimaraes* ou *Gilelmes*.
- É fundamental ter en conta a representación cartográfica actual da onomástica. Na toponimia, a distribución dos topónimos que comezan por *Ximar-* fóra da área de gheada apunta a considerar unha posibilidade distinta á desta interferencia. Pola contra, o feito de dárense os apelidos en tódolos casos considerados en área de gheada e, os de orixe toponímica estaren situados próximos ó lugar de procedencia, corrobora a interpretación da gheada (como en *Meseo* ou *Herbogo*).
- Tamén cómpre a comparación cos *corpora* antroponímicos das linguas próximas, para descarta-la posibilidade de préstamos. Así, *Baluja*, *Borrageros* ou *Borrageros* presentan unha expansión territorial case exclusiva en Galicia, e non existen como *items* léxicos en castelán, o que apunta a que, pese ó seu aspecto, son formas galegas deformadas.
- Para os apelidos delexicais, débese considerar tamén a información fornecida polos *corpora* informatizados (nomeadamente o DdD e o TILG, lexicográfico e literario respectivamente). O significado das voces estudadas pode explica-lo seu uso antroponímico, e a vitalidade do seu uso léxico, axudar a interpretar correctamente cal é a forma real que se agocha tras unha forma interferida (como ocorre en *Baluga* e en *Fraguío*).

Nas pescudas dos apelidos particularesponse de manifesto o retraso do proceso de estandarización social de moitas destas formas, que se encontran nos censos con grafías que mostran distintos tipos de interferencias do castelán; dalgunhas delas non hai ningunha representación das formas estándares (como ocorre con *Cameixa*, *Comoxo*, *Sanxiao*, *Xallas*, *Baluga*, *Abeixón* e *Borraxeiros*). Unha vez máis debe concluírse a necesidade e a urxencia de políticas institucionais de información á sociedade para recuperar a forma correcta desta parte do noso patrimonio colectivo que son os apelidos.

## BIBLIOGRAFÍA

- Abalain, Hervé (2000): *Noms de famille bretons*. Luçon: Gisserot.
- ALGa = Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 3: *Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Bascuas, Edelmiro (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Anexo 51 de *Verba*).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Niemeyer.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2000): "Galician female Names in the Middle Ages", en Dieter Kremer (ed.), *Onomastik. Akten des 18. Internationalen Kongresses für Namenforschung*. Trier, 12.-17. April 1993. Band II. *Namensysteme im interkulturellen Vergleich*. Tübingen: Niemeyer, 122-135.
- Boullón, Ana (2008): "Galician and the Spanish Language in Twentieth-Century Galician Personal Names", *Onomastica Canadiana* 90/1, 21-44.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2009): "Sobre a estandarización da antroponimia: proposta para os apelidos", *Boletín da Real Academia Galega* 370, 117-152.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (no prelo): "Variación e estandarización na toponimia galega", en M<sup>a</sup> Dolores Gordón (coord.), *Dialectología, toponimia y normalización*. Peter Lang.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel / Henrique Monteagudo (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Anexo 65 de *Verba*).
- Fernández González, Frutos (2007): *Nomes do Ribeiro*. [Galicia]: Instituto de Estudios Carballiñeses.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectología da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Förstemann, Ernst (1900, 1913, 1916): *Altdeutsches Namenbuch*. Bonn: Peter Hanstein, 2 vols.
- Kremer, Dieter (1969/1970): "Die germanischen Personennamen in Katalonien. Namensammlung und Etymologisches", *Estudis Romànics* 14, 1-245; 15, 1-121. Separata: Barcelona: Institut d'Estudis Catalans, 1967-1972.
- Kremer, Dieter (1970): "Germ. -ara(ne) in hispanogotischen Personennamen", *Beiträge zur Namenforschung* 5, 164-171.
- HGNB = Piel, Joseph M. / Dieter Kremer (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- Madoz, Pascual (1845-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid: Est. Literario Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti.
- Mariño Paz, Ramón (1994): "Testemuños de gheada nos primeiros textos galegos do século XIX", en Ramón Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Universidade de Santiago de Compostela, 1989)*, VI, Sección VI: Galego. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 207-222.
- Martínez Lema, Paulo (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Tese de doutoramento (iné dita). Universidade de Santiago de Compostela.
- Moralejo Álvarez, Juan José (2008): *Callaica Nomina: estudos de onomástica gallega*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Navaza, Gonzalo (1998): "Algúns antropotopónimos do concello de Lalín", en D. Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, 903-914.
- Navaza, Gonzalo (2002): "Dialectoloxía e toponimia", en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 137-146. [Ed. facs. en liña: <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>].
- Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Piel, Joseph M. (1949/1950): "Os nomes dos santos tradicionais hispánicos na toponimia peninsular", *Biblos* 25 (1949), 287-353, 26 (1950), 281-314. Separata, Coimbra (1950).
- Piel, Joseph M. (1989): "Perfil histórico-lingüístico do nome Uimara", en *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda, 95-100. Publicado previamente en *Revista de Guimarães* 78 (1968), 77-84.
- Rivas Quintas, Eligio (2007): "Fenomenoloxía toponímica de Galicia", en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica "Frei Martín Sarmiento: Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega, 469-483.
- Santamarina, Antón (1988): "Efectos do contacto lingüístico na toponimia galega", en *Homenaxe a Joseph Piel*. Tübingen: Niemeyer, 87-96. Versión española: "Problemas para la restauración de topónimos gallegos", en E. Knörr / M. Á. Libano (eds.), *Actas de las I Jornadas de Onomástica, Toponimia. Vitoria-Gasteiz, abril de 1986*. Bilbao-Bilbao: Real Academia de la Lengua Vasca / Euskaltzaindia, 1991, 237-246.

Santamarina, Antón (2005): "Viaxe pola onomástica galega", *A Trabe de Ouro* 62, 11-38.

Santamarina, Antón (2008): "A pegada relixiosa na toponimia galega. I. Edificios relixiosos", en X. L.

Axeitos / E. Grandío Seoane / R. Villares (eds.), *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Real Academia Galega / Universidade de Santiago, 935-949.

## RECURSOS EN LIÑA

CAG = Ana Isabel Boullón Agrelo / Xulio Sousa Fernández (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/CAG/>.

CODOLGA = *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <http://corpus.cirp.es/codolga/>

CORDE = *Corpus Diacrónico del Español*. Real Academia Española. <http://corpus.rae.es/cordenet.html>

DdD = Antón Santamarina (coord.): *Dicionario de Dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. Instituto da Lingua Galega. <http://sli.uvigo.es/TILG/index.html>

DDGM = González Seoane, Ernesto (dir.) / María Álvarez de la Granja / Ana Isabel Boullón Agrelo (2006): *Dicionario de dicionarios do galego medieval*. Anexo 57 de *Verba*. Instituto da Lingua Galega. <http://sli.uvigo.es/DDGM/index.html>

NG = *Nomenclátor de Galicia*. Xunta de Galicia. <http://www.xunta.es/nomenclator/busca.jsp>

Geopatronym = Tout sur tous les noms de famille: <http://www.geopatronym.com/>

PTG = *Proxecto Toponimia de Galicia* (microtoponimia). Xunta de Galicia. <http://sitgaideg.xunta.es/buscadoravanzado/>

TILG = Antón Santamarina (coord.): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega. <http://sli.uvigo.es/TILG/index.html>

TMILG = Xavier Varela (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/tmilg/>

VOLGA = *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. Instituto da Lingua Galega. <http://www.realacademiagalega.org/volga/>

## COLECCIÓN DOCUMENTAIS MEDIEVAIS CITADAS

CDFPantón = Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (1994): *Colección diplomática del monasterio de Santa María de Ferreira de Pantón*. Lugo: Deputación Provincial.

CDGH = López Ferreiro, Antonio (1901): *Colección diplomática de Galicia Histórica*. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica. Ed. facsímil: Santiago de Compostela: Edicións do Cerne, 1998.

CDOseira = Romaní Martínez, Miguel (1989): *La colección diplomática de santa María de Oseira (1025-1310)*. 2 vols. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.

CDSClodioRibeiro = Lucas Álvarez, Manuel / Pedro Pablo Lucas Domínguez (1996): *El monasterio de san Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudios y documentos*. Sada / A Coruña: Edicións do Castro.

CDEstevoRibasSil\_XV = Bouzas Rosende, Paula (2010): *Edición e estudo dos documentos inéditos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (século XV)*. Tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago.

DocBelvís = Rodríguez Núñez, Clara Cristela (1989): "Santa María de Belvís, un convento mendicante feminino en la Baja Edad Media", *Estudios Mindonienses* 5, 335-485.

DocCatOurense = Castro, Manuel / Manuel Martínez Sueiro (1917): *Documentos del Archivo de la Catedral de Orense publicados por la Comisión de Monumentos de la Provincia*. Ourense: Imp. "La Popular".

DocDevOurense = Ferro Couselo, Xesús (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols. Vigo: Galaxia.

DocUnivSantiago = Lucas Álvarez, Manuel / M<sup>a</sup> Xosé Justo Martín (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237/1537)*. Edición diplomática. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega

Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (1985): "Don Rodrigo Gómez y la sede compostelana", en *Actas del II Coloquio Galaico-Minhoto, Santiago de Compostela, 14-16 de Abril de 1984*, Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Cultura, 111-122.

LTenzaHórreo = Méndez Fernández, M<sup>a</sup> Luz (1991): *Contribución ó estudio dun libro das Tenzas da Catedral de Santiago*. Edición crítica e estudo dos folios 1 a 27. Memoria de Licenciatura: Universidade de Santiago de Compostela.

NotariosBaiona = Maure Rivas, Xulián (1999): "A perda do galego instrumental: dous documentos

- notariais de Baiona (1518 e 1522)", en R. Álvarez Blanco / D. Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. 1, 678-689.
- TBSantiago = González Balasch, M<sup>a</sup> Teresa (2004): *Tumbo B de la Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Cabildo de la S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos.
- THSantiago = Cabana Outeiro, Alexandra (2003): *O Tombo H da catedral de Santiago: documentos anteriores a 1397*. Valga: Concello de Valga.
- TSobrado = Loscertales de García Valdeavellano, M. Pilar (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*. 2 vols. Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, Archivo Histórico Nacional.
- TToxosoutos = Pérez Rodríguez, Francisco (2004): *Os documentos do tomo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.